

BASES DO IV CONCURSO DE POSTRES 2015

TEMÁTICA E INGREDIENTES LIBRE

1. O concurso de postres, realizarase en conxunto con outros concurso, como o de fotografía e o de debuxo, intentando así fomentar a creatividade, en tódolos ámbitos posibles. Celebrarase o sábado 18 as 20:30 h. na praza do Mestre Cerviño.
2. Poderán presentarse a o concurso, todas as persoas interesadas, **O prazo de preinscripción queda aberto no momento de publicación destas bases, e pecharase o xoves 16 do mesmo mes, ás 14:00 h. nas oficinas de Concello (Concelleira de Cultura, na biblioteca pública de Covelo ou na oficina de turismo.**
3. Establécense dous premios: **Premio ó sabor e Premio á presentación mais orixinal: ámbolos dous cun “Cheque regalo por valor de 100€ e un diploma”**
4. **Os participantes, deberán presentar os seus postres o Sábado, 18 de Xullo do 2015, as 20:00 h. na praza Mestre Cerviño do Concello de Covelo, onde se lles entregará un número identificativo, un para o concursante e outro para o postre. Só se admitirá un postre por inscrición.**
5. A composición do xurado é de profesións variadas, xa que será un xurado común aos tres concursos, e este será:
 - Un reposteiro
 - Un pintor
 - Un fotografo
6. O xurado valorará os postres, cun máximo de 20 puntos:
 - Premio ao Sabor:
 - a. Sabor (de 1 a 10 puntos)
 - b. Dificultade (de 1 a 10 puntos)
 - Premio a Presentación:
 - c. Orixinalidade (de 1 a 10 puntos)
 - d. Dificultade (de 1 a 10 puntos)

O fallo do xurado levarase a cabo o mesmo día do concurso, onde se terán expostas as obras presentadas. **A entrega do premio se outorgará, só si está presente.**
7. O Concello de Covelo, gardase o dereito de utilizar as fotos que deste concurso se deriven para uso exclusivo de promocións turísticas ou culturais.
8. A participación neste Concurso supón a plena aceptación das presentes bases e a conformidade coas decisións do xurado.



9. Quedan excluídos do concurso calquera empregado do concello, pero non os seus fillos, xa que consideramos que os nenos non teñen por qué verse afectados. Así mesmo, tamén quedan excluídos os familiares directamente relacionados co xurado ou a organización.

BASES DO IV CONCURSO DE FOTOGRAFÍA 2015

TEMÁTICA: “PLANTAS AUTÓCTONAS”

1. O concurso de fotografía, realizarase en conxunto con outros concurso, como o de postres e o de debuxo, intentando así fomentar a creatividade, en tódolos ámbitos posibles. Celebrarase o sábado 18 as 20:30 h. na praza do Mestre Cerviño.
2. O presente concurso ten como obxectivo a difusión da biodiversidade do noso entorno, por iso a **temática** das fotografías a presentar será: **“Plantas autóctonas”**.
3. Establécense dúas categorías cos seguintes premios:
1ª categoría: de 18 anos en diante cun cheque regalo de 100€ e un diploma.
2ª categoría: de 13 a 17 anos cun cheque regalo de 50€ e un diploma.
Os premios faranse efectivos no momento do fallo do xurado.
4. Presentación das fotografías: fotos a cor ou en branco e negro. Poden ser impresas en papel fotográfico ou en papel normal. Cun tamaño mínimo de 15x20 cm. Non se aceptarán fotografías que haxan sido manipuladas por ordenador. Cada participante poderá presentar un máximo de dúas obras.
5. As obras serán presentadas sen firma do autor e baixo un lema, que aparecerá escrito no respaldo da fotografía.. Irán acompañadas dun sobre pechado, e no exterior deste figurará o mesmo lema que o das fotografías. No interior do sobre depositarase una nota, co nome o apelidos do autor, domicilio. Na parte de fora do sobre indicárase a categoría a que se presenta.
6. O prazo de admisión dos traballos abrirase no momento da publicación das bases e **pecharase o prazo o xoves, 16 de xullo, as 14:00 h.** Os traballos presentaranse nas oficinas do Concello (a concelleira de cultura), na biblioteca municipal ou na oficina de turismo.
7. A organización non se fai responsable dos extravíos ou danos que poidan sufrir as obras presentadas ao Concurso.
8. A composición do xurado é de profesións variadas, xa que será un xurado común aos tres concursos, e este será:
 - Un reposteiro
 - Un pintor
 - Un fotógrafoO xurado considerará, prioritariamente a creatividade, o vigor da imaxe gráfica, a idoneidade do traballo e a sintonía co espírito do noso medio rural, valorando de 1 a 10 puntos a calidade, e de 1 a 10 puntos a orixinalidades. Así mesmo, reservase o dereito de declarar deserto algún dos premios, por falta de asistencia de participantes ou que estes non se axustaran as bases do concurso.



9. O fallo do xurado levarase a cabo o mesmo día do concurso, onde se terán expostas as obras presentadas. **O premio, só se entregará se o premiado está presente.**
10. Os gañadores do premios correspondentes cederán ao Concello de Covelo a propiedade das obras. Ó mesmo tempo, mediante o premio, o Concello de Covelo adquire, en exclusiva e no ámbito mundial, todos os dereitos económicos da propiedade intelectual inherentes á obra premiada e poderán libremente e sen pago de mais prezo, proceder á reprodución, distribución, comunicación pública e transformación durante o prazo sinalado polo artigo 26 do Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual, tendo dereito a expresar a obra por calquera medio ou soporte tanxible ou intanxible, actualmente coñecido ou que se invente no futuro.
11. A participación en este Concurso supón a plena aceptación das presentes bases e a conformidade cas decisións do xurado.
12. Quedan excluídos do concurso calquera empregado do concello, pero non os seus fillos, xa que consideramos que os nenos non teñen por qué verse afectados. Así mesmo, tamén quedan excluídos os familiares directamente relacionados co xurado ou da organización.

BASES DO IV CONCURSO DE DEBUXO 2015

TEMÁTICA: “PLANTAS AUTÓCTONAS”

1. O concurso de debuxo, realizarase en conxunto con outros concurso, como o de postres e o de fotografía, intentando así fomentar a creatividade, en tódolos ámbitos posibles. Celebrarase o sábado 18 as 20:30 h. na praza do Mestre Cerviño, onde se exporán os debuxos presentados, coincidindo con outros concursos.
2. O presente concurso ten como obxectivo a difusión da biodiversidade do noso entorno, e terá como tema **“PLANTAS AUTÓCTONAS”**
3. Os participantes deberán realizar un debuxo de unha ou varias plantas do noso entorno. O debuxo presentarase nun papel ou cartolina tamaño folio.
No reverso da cartolina ou folio, deberán figurar: O nome e apelidos, curso escolar que fixo este ano. Estes datos non serán utilizados para ningún fin alleo ó concurso. No momento do concurso, o debuxo presentado á organización poralle un número identificativo, que será o que miren os xuíces. So se admitirá un debuxo por neno.
4. Estableceranse dúas categorías, dependendo do curso que rematou:
 - 1ª Categoría: nenos de 3 anos a 2º curso.
 - 2ª Categoría: nenos de 3º a 6º curso.
5. **Os premios para cada categoría consistirá nun cheque regalo de material de debuxo e escolar valorado en 50€ e un diploma.**
Todos os participantes presentes serán agasallados cunha bolsa de chucharías.



6. A admisión dos debuxos abrirase no momento da publicación das bases e **prazo de presentación pecharase o xoves, 16 de xullo, as 14:00 h.** e presentaranse nas oficinas do Concello (a concelleira de cultura), na biblioteca municipal ou na oficina de turismo.
7. A composición do xurado é de profesións variadas, xa que será un xurado común aos tres concursos, e este será:
 - Un reposteiro
 - Un pintor
 - Un fotógrafoO xurado valorará a creatividade de 1 a 10 puntos, e a orixinalidade de 1 a 10 puntos.
Así mesmo, reservase o dereito de declarar deserto algún dos premios, por falta de asistencia de participantes ou que estes non se axustaran as bases do concurso.
8. O fallo do xurado levarase a cabo o mesmo día do concurso, onde se terán expostas as obras presentadas. **A entrega do premio se outorgará, só si está presente o neno**, salvo enfermidade, que o poderá recoller o seu representante.
9. O Concello de Covelo gardase o dereito de quedarse e utilizar os debuxos para calquera fin cultural ou turístico.
10. A participación neste concurso implica a aceptación de tódolos apartados das presentes bases.
11. Quedan excluídos do concurso calquera empregado do concello, pero non os seus fillos, xa que consideramos que os nenos non teñen por qué verse afectados. Así mesmo, tamén quedan excluídos os familiares directamente relacionados co xurado.

Covelo, 25 de xuño do 2015.

A CONCELLEIRA DE CULTURA



Asdo. M^a Soledad González Arjones